

MEMÓRIAS

FIADDEIRO

17

DE



MAIO

DO



85

- E D I T O R I A L -

Outro ano máis, no día 17 de maio, homenaxeamos co noso periódico, neste caso a Antón Losada Diéguez. Ó mesmo tempo recordamos tamén á "cantora", Rosalia de Castro que, neste ano de 1985, hai "cen" que nos deixou.

Por outra banda continuamos co traballo sobre Beluso; neste número tratámo-lo tema dos cruceiros e aparece unha selección de cántigas, refráns, ditos e adiviñas.

Novamente agradecemos-la colaboración prestada pola Escola de Formación Profesional "Hogar Provincial" así como agradecemos á Caixa de Aforros de Vigo a axuda económica prestada.

Os alumnos de oitavo despedímonos; pero non nos imos sen da-las grazias á A.P.A., ós mestres do colexio e tamén a D. Manuel (profesor de gaita), D^a María del Carmen (profesora de danza), D^a Rosa (profesora de solfeo), D^a Angelina (profesora de costura), D. José Antonio (profesor de mecanografía). Tamén damos-las grazias a D. Luis, profesor encargado de deportes, que tanto traballa ano tras ano neste campo, e a tódalas persoas que nos dedican a súa atención.

Finalmente, xa que mercastes este periódico, que Deus volo pague, sabedes que os fondos son para a nosa excursión de final de E.X.B.

- S U M A R I O -

- | | |
|----------------------------|------------------------------|
| - EDITORIAL | - TRABALLOS LITERARIOS |
| - LOSADA DIEGUEZ | - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES |
| - ROSALIA DE CASTRO | - DEPORTES |
| - CRUCEIROS | - PASATEMPOS |
| - FALADURIAS DO POBO | - RUMORES |
| - RUTA DOS NOSOS GAITEIROS | |

ANTON LOSADA DIEGUEZ

Naceu en 1884 no pazo de Moldes (Ourense). Son os seus antepasados señores de pazos, propietarios de terras e foros, bispos, rexidores, etc...

Seguindo as tendencias ideolóxicas familiares, estudia letras na Universidade de Deusto.

En Santiago faice profesor axudante de Armando Cotarelo Valledor, a quen se lle adicou o ano pasado o día das Letras Galegas.

A conversión de Losada ó galeguismo é menos sorprendente cá de Risco. Non aparece relacionada con ningunha actividade galeguista ata 1917, xa con 33 anos.

Nas eleccións xerais de febreiro de 1918 é un dos candidatos que presenta as Irmandades, onde por segunda vez é derrotado fronte á familia Riestra de Pontevedra. Preséntase por A Estrada as dúas veces.

O golpe de Estado de Prima de Rivera cambea a situación, Losada entra no xogo e acepta a vicepresidencia da Diputación de Pontevedra, con el colabara Risco, pero enseguida tiveron que dimitir.

Está moi relacionado con Risco e cos outros membros da "Xeneración Nós", ós que estimulou fortemente no seu labor por Galicia.

Escribe moitos artigos en periódicos e revistas como: "Todos rexionalistas", "Os camiños do agrarismo galego", "A significación profunda do galeguismo", "Queixumes".

Case todos eles no periódico "A Nosa Terra" e na revista "Nós".

Rafael Budiño.-8ªA

ROSALIA DE CASTRO

Rosalía de Castro é unha escritora galega do Rexurdimento.

Naceu en Santiago e viviu en Padrón. Na súa infancia non tivo o cariño dun fogar e iso quizais influíu non seu carácter tan triste.

Era unha muller sentimental e preocupada polos problemas da lingua e do pobo galego.

Tam'en era soñadora e na súa soledade pensaba moito.

Nas súas poesías fala dos problemas da sociedade e ó mesmo tempo dos problemas dela. Fainos ve-la verdade da vida e a realidade que nela encerra.

As súas dúas obras principais foron "Cantares Gallegos" e "Follas Novas". En "Cantares Gallegos" falábase de motivos costumistas e folklóricos. Ela collía un cantar poético do pobo e logo facía un poema sobre iso.


En "Follas Novas", Rosalía, denunciaba os problemas de Galicia que pouco a pouco era esnaquizada pola emigración e outras cancos.

Este ano, como hai cen que morreu, adicouse ásúa memoria gran cantidade de actividades culturais. Nós dende "Fiadeiro" tamén a homenaxeamos.

Rosa

CROQUIS DOS CRUCEIROS

DE BELUSO



- (1) CRUCEIRO DA ROSA
- (2) CRUCEIRO DE MONTEMOGOS
- (3) CRUCEIRO DE LAGOS
- (4) CRUCEIRO DE ROXO
- (5) CRUCEIRO DE SAN AMEDIO
- (6) CRUCEIRO DE SAN AMEDIO
- (7) CRUCEIRO DE MASSO
- (8) CRUCEIRO DE MOROUSOS

= O CRUCEIRO DO ROXO =

Está situado na Ruanova de Arriba. Ten tres escalóns. No cruceiro, pola parte que da á estrada, ten dibuxado un anxeño e pola outra, a que da a uns camiños, ten unha calavera.

O nome do Roxo púxoselle ó cruceiro debido á xente que vivía fronte del, pois tiñan o pelo roxo.

Antigamente moita xente íalle pedir algo, prometéndolle outra cousa a cambio.

Pola noite ían á igrexa e para arriba viñan en procesión ata o cruceiro.

Ó chegar poñíanlle un farol e íanse.

Á mañá seguinte volvían rezando ou cantando a busca-lo farol.

Todo isto repetíase durante tódolos días que durase a ofrenda.

Nós logramos recoller unha das cancións que cantaban en castelán:


"El demonio a la oreja
te está diciendo:
Deja misa y rosario
y sigue durmiendo".

Tamén cantaban en galego:

"Vamos, nenos, ó Sagrario
que Xesús chorando está,
pero vindo tantos nenos
moi ledo se tornará".

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-

Tere V. 8º B



CRUCEIRO DE MOROUSOS

Este cruceiro está situado en Bon de Arriba, na estrada que se dirixe á Portela.

Foi construído aproximadamente no ano 1700.

Consta de tres escaleiras. En cada unha das súas caras ten unha figura, por un lado a Xesús e pola outra ten á Santa Baldexomena.

A xente ten como costume rezarlle e poñerlle velas. Pois din que se lle rezas dache boa sorte, e quizá quite as dores ou males que ten alguén!

M^a del Carmen García Muiños, de 95 anos (faltábanlle 4 meses para cumprir os 96), contounos que vindo uns antepasados dela do monte cun carro cheo de broza, volcóuselle xusto diante do cruceiro. Intentaron levantalo, pero non foron capaces e deixárono alí.

O día seguinte, mércores de cinza, foron de novo levanta-lo carro. Lévaronse unha gran sorpresa cando viron que un só foi capaz de levantalo e o día anterior non poideran nin catro.

Cando estaban arranxando o carro, viron un home alto, mal vestido e moi mal formado que lles dixo:

-¿Hai paso?

-!Hay paso **hasta** el infierno!-respondéronlle os homes.

Destacamos a este home de tan mal aspecto, porque despois de pasar isto ninguén o volveu a ver; ademais, os homes do carro só viron ó home cando lles falou, ou sexa, ninguén o viu chegar nin marchar.

Os que lle pasou isto cren, por dicir dalgunha maneira, que lles apareceu diante como por arte de maxia.

Ademais disto, informounos M^a del Carmen, que cando fan pasar polo cruceiro cantaban cancións coma esta:

Era el veinte del mes,
del mes que se llama Mayo,
han robado un sacramento,
para siempre sea alabado.

El fraile de San Francisco,
lo andaban confesando
hice treinta y siete muertes
con mis sagraditas manos.

Maté a mi padre,
a mi madre

y a mis pequeños hermanos.

Una hermana que tenía
de catorce a quince años,
pasé dos años con ella
y tuve dos hijos tiranos.

El confesor al oír esto
se ha quedado desmayado,
y le dice el penitente:
-No se asuste padre mío,

que aún falta el mayor pecado-,
y le dice el confesor:
-Tres penitencias te doy,
de las tres escogerías.

Te meterás en una vela,
parvo te volverías.-
Eso no lo haré señor,
porque algo más merecía.-

Te meterás en una horna,
donde van las almas vivas.-
Eso no lo haré señor,
porque algo más merecía.-


Te meterás en una cueva,
donde hay dos serpientes vivas.-
Eso sí lo haré, señor,
porque sí lo merecía.-

A mi pobre penitente,
dos veces lo veo al día,
una es a la mañana,
y la otra al mediodía.

-¿Cómo te va penitente,
con tu nueva compañía?-.
-A mi me va bien, señor,
porque así lo merecía,

de rodillas para abajo,
ya me las llevan comidas.
Aún me faltan las entrañas
que son las que más sentía.

Las campanas de la torre,
todas tocan de alegría,
unas dicen que será
y otras dicen que sería.





Cruceiros
de
San Fimedio.

Os traballos dos cruceiros foron realizados por: Josefa Martínez, Rita Estévez, Tere Villanueva e Angeles Estévez de 8º B. Estes traballos continuarán nos próximos números de "Fiadeiro".



CRUCEIRO DE SAN AMEDIO

Este cruceiro tamén está en Bon de Arriba, na capela de Bon.

Foi construído no ano 1791. Ten unha historia un pouco rara.

Según informacións, este cruceiro non debía estar neste sitio, senón nun camiño que hai máis abaixo da capela, pois sabemos que nunha explanada moi pequena entre casas vellas, apareceu un Santo, e decidiuse poñer alí un cruceiro en honor desta aparición; pero resultou que había pouco espazo e tiveron que facer un cruceiriño, pois un grande non cabería; e así foi. Máis tarde déronse conta de que podían poñer o cruceiro que sempre quixeran poñer, nunha explanada que estaba máis arriba.


Así é como ese cruceiro está no lugar que non debía, pois o que lle corresponde por aparecer o Santo é onde está o pequeno cruceiro.

Antes, cando saían á Procesión, adornaban o cruceiro e ó pasar por el, facíanlle unha reverencia e rezábanlle.

Tamén cando pasaba un morto por diante del, parábase diante toda a xente xunto co morto.

Este cruceiro ten tres escaleiras. A figura que ten só é a cruz. Ten grabada na caixa do cruceiro a fecha en que foi feito.

O cruceiriño que se atopa xunto ás casas vellas non ten nada grabado. Tan só está apoiado nunha casa, case está olvidado, porque está moi mal coidado.



CANTIGAS, REFRANS, DITOS, ADIVIÑAS.

Aquí imos expoñerlles unhas cantas cántigas, refráns, ditos e adiviñas que recollemos a través de entrevistas realizadas á xente de Beluso. Hai cántigas de lugar, de amor, de burla, de fiadeiro, de esfolla..etc.. Esperamos que sexan do voso agrado, irémosvos ofrecendo máis cousas no próximo número do noso periódico.

CANTIGAS

De lugar

Se en Bueu hai boas mozas
en Beluso hai a flor delas
en Cela sarrapastrosas
e en Ardán todas son vellas.

A Marín non vou
que dormen no chan
levantan ós homes
ás tres da mañá.

A Beluso, a Beluso
que hai boas mozas
un pouco morenas
pero graciosas.

¡Ai! Marín, Marín
¡Ai! Bueu, Bueu
te-las pernas negras
heichas lavar eu.

De amor

Da túa fiestra á miña
tiráchesme cun limón
o limón deume na cara
o zumo no corazón.

Esta noite hei de ir alá
terasme o postigo aberto
que se cho encontro cerrado
os amores non son certos.

De esfolla

As esfolladas da noite
non dan proveito a ninguén
mandei a muller a elas
e esfolláronma tamén.

De burla

Eres negra coma o pote
branca coma a parromeira
se nonta casar de noite
de día non hai que te queira.

O cura vendeu a burra
por non lle de-la cebada
agora vai ós enterros
a cabalo da criada.

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-

REFRANS

Viños e amores, os vellos son os mellores.

Non te rías de ninguén, que se rin de ti tamén.

Non sirvas a que serviu, non pidas a quen pediu, pide a quen heredou, que non sabe o traballo que lle costou.

Ó galego cando lle dan de comer, é que o "joderon" ou vano joder.

A muller e a gaivota canto máis vella máis loca.

Se non me queres, no mundo sobran mulleres.

O que vai a S. Andrés e corre pouco, vai nun mes e ven no outro.

ADIVIÑAS

¿De que haberá que encher un pucheiro para que pese menos que de baleiro?

No campo se criou, amarrada con verdes lazos, e o que está chorando por min está cortándome en pedazos.

¿Que fan seis gatos nun tellado?

¿Como sae un elefante dun pozo?

Máis grande có universo, máis pequeno ca un átomo de po, cómeno os mortos e se o comes ti morres.

DITOS

De Beluso: dalá fuxe. De Bueu: dalá son eu.

Ó que non ten cabeza non lle fai falta sombreiro.

Quen moito enfeixa, pouco eta.

Pouco me das, menos levas.

Si queres peixe, molla o cu.

Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos.

¿Qué sabe o burro cando é día de feira?

Nin casa á beira do río, nin viña ó pé do camiño.

Unha man lava a outra, as dúas lavan a cara, mans que non dades,
¿Que buscades?

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-


Recollida feita polos alumnos de SEPTIMO.

Selección de: Esperanza Boubeta

Fernando Pereira

Pascual Riobó

José Antonio Rivero



ANCORADOURO

Esta é unha lenda popular que escoitei dende nena.

Hai moito tempo, cando os mouros querían conquista-lo norte de España, disque, tamén chegaron á Península do Morrazo.


Conta a lenda que viñeron nun barco e que desembarcaron nunha pequena praia do que hoxe é Beluso.

Os mouros estaban convencidos de que os habitantes deste lugar non se enfrentarían contra eles, pero a súa sorpresa foi moi grande.

Comenzou a loita e os mouros fuxiron no seu barco, con tanta presa que tan siquera subiron a súa áncora de ouro, e deixárona nestes mares. Dende entón disque hai xente que busca a áncora sen encontrala.

Á pequena praia onde aconteceron estes feitos chámase "Ancoradouro".

(NICOLASA FERNANDEZ PENA)



A SANTA COMPAÑA

A Santa Compañía era unha procesión de mortos que pasaban de noite polos camiños das aldeas, e ían buscando xente para levarlle o alma. A persoa á que lle levaban o alma pola mañá aparecía morta.

Para librarse da Santa Compañía había que meterse na corte dos animais que tivesen dous cornos; e iso era o único que espantaba á Santa Compañía.

A miña bisavoa, Gabriela Martínez Rivas, cando tiña doce anos, unha vez que estaba na illa de Ons e viu vir á Santa Compañía por enriba do mar. Entón ela, como di a lenda que para librarse da Santa Compañía hai que meterse na corte dos animais de dous cornos, meteu-se na corte das vacas e a Santa Compañía pasou de largo.

(CONSUELO GARCIA POCEIRO)


A COVA NA ILLA DE ONS

Ná illa de Ons había unha cova que tiña dúas entradas, unha á dereita e outra á esquerda. Por unha chegábase ata un tesouro que deixaran os mouros, e pola outra chegábase ata a morte.

Había que saber cal era a entrada boa.

Ninguén se atreveu a ir busca-lo tesouro, porque tiñan medo a equivocarse de entrada, e en lugar de ir busca-lo tesouro a xente da illa taponou as dúas entradas con pedras.


(CONSUELO GARCIA POCEIRO)



Nenos de 5 años

eu teño
un can grande
que se chama Lobo

Concha




las flores
hablan

Julia




La rana quiere
ir al agua
TANIA




cuando llo vio
salio el arcoiris

Eusebio



O BARCO


Era unha vez un barco que navegaba polo mar. Un día o amo botouno ó mar. O barco navegaba e navegaba, pero cada vez iba máis lonxe. Por iso decidiu levalo ó Mar mediterráneo. Cando chegou, apareceu un enorme tiburón que abriu a boca e tragouno intdiro.



ALBERTO DOMINGUEZ 2º A.

O TRES E O CATRO

O tres enfadouse co catro. Un día díxolle: vaite para a casa. Fíxose de noite e o tres foi a casa do catro e invitouno a pasear, pero o catro non quixo. Pola mañá o tres foi o parque e o catro xuntouse con il e, ¿que fixeron? Sete.



MARIA DEL CARMEN VILLANUEVA 2º A.

EL LEÓN

Había una vez un león que andaba por la selva. El león decía:


-!Ay!, la selva no me gusta.

El león quería ir a las ciudades.

Luego unos cazadores lo vieron y le dispararon.

Y fingió muerto. Así pudo irse a la ciudad.

DAVID OTERO GALLEGO 2º B



A CEBRA

Un día fun ao zoo, e vin unha cebra moi bonita que estaba presa nunha gaiola. E sempre estaba movendo o rabo. E facía uns movementos moi bonitos.

Outro día fun a vela e xa non estaba. Puxeran un mono.

MARCOS GONZÁLEZ GRAÑA 2º B

LOS EXTRATERRESTRES

Una mañana, cuando todos estaban durmiendo, se oyeron unos extraños ruidos en la ventana del cuarto de baño. Yo me desperté y fui y allí no había nada. Me vestí y fui afuera a ver lo que pasaba. Y vi un platillo volante. La puerta del platillo volante estaba abierta. Abrí despacio la puerta y vi a unos extraterrestres que tenían tres manos y tres pies. Eran de color verde y también tenían tres ojos, dos bocas y dos cuernos en la cabeza. Uno de ellos me vio, pero antes de que se enteraran los demás me fui a mi casa. Me saqué la ropa y me puse la del pijama y me eché a dormir.

M^a ADELAIDA LAMOSA PORTELA 2º B




A ANTENA E O OSO

Certo día houbo unha treboada tan forte que levou unha antena de televisión polos aires. Caeu no bosque. Seguiu voando e caeu nunha montaña e viu moitas máis antenas. Púxose a falar con elas, e as antenas díxéronlle que había un oso que se vía un cocodrilo morrería.

Entón, decidiu buscar un cocodrilo. Cando chegou, o oso morreu. As antenas déronlle as grazas e marcháronse cada unha a súa casa ledas e felices.

E ela tamén se marchou moi leda.

(Martina Blanco Estévez-3º).



O RAPAZ SONADOR

Era unha vez un rapaz que soñou cun cocodrilo. Ó despertar díxolle á súa nai que nun lago había un cocodrilo. A súa nai contestoulle que era imposible. O rapaz tiña dúbidas de se sería verdade ou o soñaría.

Ó chega-la noite deitouse e volve soñar.


Ó rompe-lo día foi ó lago mirar. Sorprendeuse ó ver que todo o que soñara fora verdade.

Contoullo á súa nai. A súa nai berroulle pensando que mentía.

O rapaz non sabía por que lle berrou. Enfadouse pechándose na súa habitación.

A nai foi ó lago, comprobou que era verdade e foille pedir perdón.

(Marco Antonio Valladares-3º).



" A BODA "

Era nove de setembro, faltaban dous días para a cerimonia. Hermenexildo non vía chegado o momento do día da boda. Tiña un traxe un pouco vello, pois D. Arcadio era moi descuidado e non o gardara ben, sen embargo, non estaba demasiado deteriorado.

A dous kilómetros, nunha casa branca e moi bonita, cunha fonte que botaba auga que parecía de cristal, estaba a noiva de nome Guadalupe, moi atareada dando os últimos toques ó vestido.

Os dous noivos eran dignos un do outro, pois Hermenexildo era capitán de infantaría e Guadalupe era lavandeira.

Na casa de Hermenexildo, oíase esta conversación :

- Parece que vai chover.

- É verdade meu pai, pero o día que me case haberá moito sol e iremos de lúa de mel a Noruega.

- A Noruega ?, co frío que vai ?

Ía contesta-lo seu pai cando tocaron á porta : Toc, toc, toc !

Hermenexildo mirou pola mirilla e soltou unha exclamación :

- Pero si son os padriños !

En efecto, D. Xilgorio e D.^a Xenoveva, apareceron con cara de preocupados e dixeron moi apesadumados :

- Non podemos ir á boda.

- Por que ? - preguntou Hermenexildo.

- Porque o pai de Xilgorio morreu e temos que ir ó enterro.

Hermenexildo estaba ó borde da desesperación cando D. Arcadio, que ata o momento permanecera calado, dixo :

- Eu podo ir de padriño.

- E quen vai ir de madriña ? - preguntou Xenoveva.

- Moi fácil - dixo sereno D. Arcadio - D.^a Buenaventura.

E a boda puido celebrarse felizmente con D. Arcadio de padriño e D.^a Buenaventura de madriña.



Isidro García de la Torre


A ANTENA E O OSO

Certo día houbo unha treboada tan forte que levou unha antena de televisión polos aires. Caeu no bosque. Seguiu voando e caeu nunha montaña e viu moitas máis antenas. Púxose a falar con elas, e as antenas díxéronlle que había un oso que se vía un cocodrilo morrería.

Entón, decidiu buscar un cocodrilo. Cando chegou, o oso morreu. As antenas déronlle as grazas e marcháronse cada unha a súa casa ledas e felices.

E ela tamén se marchou moi leda.

(Martina Blanco Estévez-3º).



O RAPAZ SONADOR

Era unha vez un rapaz que soñou cun cocodrilo. Ó despertar díxolle á súa nai que nun lago había un cocodrilo. A súa nai contestoulle que era imposible. O rapaz tiña dúbidas de se sería verdade ou o soñaría.

Ó chega-la noite deitouse e volve soñar.


Ó rompe-lo día foi ó lago mirar. Sorprendeuse ó ver que todo o que soñara fora verdade.

Contoullo á súa nai. A súa nai berroulle pensando que mentía.

O rapaz non sabía por que lle berrou. Enfadouse pechándose na súa habitación.

A nai foi ó lago, comprobou que era verdade e foille pedir perdón.

(Marco Antonio Valladares-3º).



" O RATO SEN DENTES "

Érase unha vez un rato que non tiña dentes, de tanto roer. Un día pasou pola súa casa un rapaz e botouse a rir ó ve-lo rato sen dentes. O rato preguntoulle:

-¿Por que te ris?

-Porque non tes dentes. Se queres os dentes pódeshlos pedir ó "Rato Pérez". ¿Conocelo?

-Si, é moi amigo meu. ¿Cres que resultará?

-Eu creo que si.

Ó pasar, uns días o rapaz encontrouse co rato e preguntoulle:

-¿Xa te-los dentes?

-Si, e moi brillantes.

-Agora cóidaos, e non roas cousas duras.

O rato viviu feliz e nunca máis lle caeron os dentes.

(M^ª Olga Miranda García - 7^ºB.)

oooooooooooooooooooooooooooo




" O RIO QUE SE CONVIRTIU NO PAIS DAS ARDILLAS "

Érase unha vez unha ardilla que estaba no bosque, vivindo coma sempre. Ela vivía soa, pois era a única ardilla do bosque. Un día foi colle-la auga ó río; ese día había moita corrente, pero a ela non lle importaba. Cando chegou ó río e foi colle-la auga, caeu nel, estaba berrando, pero ninguén a oía; a corrente seguía sendo forte e a ardilla xa ía chegar á ferverza, estaba desesperada e estaba chorando, cerrou os ollos pero non caía, abriunos de novo e viu que estaba nun prado cheo de ardillas; o río desaparecera, convertírase en aquel prado. As ardillas díxéronlle se quería quedarse a vivir con elas. Ela ilusionada, pois nunca vira tantas ardillas, e moi contenta, dixo que si, que se quedaría.

Dende aquel día, a ardilla quedouse a vivir coas outras ardillas, e nunca se preocupou de como o río se convertira nun prado.

(Angelina Villanueva Lemos - 7^ºB.)

oooooooooooooooooooooooooooo



U

APRENDIZ

CURIOSO

DESENHOS: C. MANUEL MÉNDEZ VERMEJ

A UN BRUXO MOI LÍSTO QUE TENTABA FACER UNHA PÓCIMA MOI FÍCIL.....



ERA PARA OUTRO BRUXO QUE LLO PEQIRA E SERVÍR PARA CONVERTIRSE NUN HOME NORMAL



¿ONDE ESTÁN OS RÍMOS DE LA GARTIXA?

UNHA PIZCA E XA BASTA. ¡AXUDANTE VEN AQUÍ!



BO TALLE UN POUCO D'ISO MENTES EU VOU BUSCAR OUTRO INGREDIENTE


XA VOU XA VOU



VOU MIRAR SE FAI FUME



BOOM



¿QUE PASOU? BUENO, VOUME LEVA-LA PÓCIMA



O BRUXO LÉVASE A PÓCIMA, PERO NON SABE O QUE LLE ESPERA



TOMA A PÓCIMA, ESTA RECÉN PREPARADA



GLU, GLU, GLU




PERO... ¿QUE FUECHES... EN QUE ME CONVERTIRÉ?

OH, OH EU VOUME



¡AXUDANTE! FUCHES TÍ. NON



¿QUERE NDOME TRACIONAR ¡EH!



AGORA SI QUE VAS FACER FUME

OSTRAS, A ESCAPE



OS DOUS NEMIGOS

Hai moito tempo, nun ano que se perde na noite da historia, vivían dous veciños no pobo. Un chamábase Esteban e outro Paco. De cote levábanse mal. Para colmo das desgracias tiñan os terreos xuntos e isto provocaba máis conflitos.

Este odio viña de familia xa que os pais e avós tamén se levaron mal.

O peor é que tiñan os terreos xuntos. Isto ocasionou varios problemas como o da maceira. Pero vou contalo polo dereito.

Paco tiña unha maceira grande e frondosa. As pólas eran moi largas, chegaban ós límites do terreo do seu dono e incluso chegaban ó xardín de Esteban. Este vendo unha oportunidade de vinganza collía tódalas mazás que tiña aquela póla.

Paco, ó ver isto, enfadouse e berraron un día enteiro-coa noite-. O día seguinte Paco cortou a póla.

Tamén houbo problemas coa fonte. Entre os dous terreos, o de Paco e o de Esteban había unha fonte. Esta enchía un foso dun metro de ancho situado entre os dous terreos. Esteban sempre collía auga do foso e regaba o seu xardín con ela. Paco, ó esterarse, botou auga de lava-la louza e de lava-la roupa no foso. Esteban quedou todo apenado e para vengarse rompeulle o portal que tiña Paco para cerra-lo resío.


Pero...! o maior problema foi o da veciña do lado!. Enfrente da casa de Paco está a casa dunha veciña, solteira, que se chamaba Loísa. É unha muller guapa e atractiva. Un día chamouna e díxolle se era posible unha cita con ela. Ela díxolle que si e quedaron para o sábado ás dez da noite. O sábado, Esteban, cando ía á casa de Loísa, viu que na porta dela estaba Paco. Esteban foi para a súa casa e xurouse a si mesmo vingarse de Paco.

Así o fixo e ás tres da mañá planzoulle lume á casa de Paco. Os veciños e Paco lograron controla-lo lume e non houbo perdas graves.

O odio era cada vez maior e os dous veciños chegaron a odiarse a morte.

O tempo pasou e un bo ano - mellor dito mal ano - morreu Esteban, Paco riuse moito da morte de este, pero pouco a pouco deuse conta de que estaba só, cada día máis só.

Unha semana despois da morte de Esteban morreu Paco. Din que morreu de soedade.



Simón Ruibal Menduiña

¿QUEN DESCUBRIU AMÉRICA?

Esa é unha pregunta que se lla fas a calquera contestarache que foi Cristóbal Colón. É poido ser doutra maneira, claro, pero Colón levaría tódolos honores por ser capitán desa expedición.

Como xa comentei antes, poido ser doutra maneira. Outra historia do descubrimento de América, poido se-la seguinte:

Nun pequeno pobo de Cadíz ó lado do porto, vivía un neno duns...doce anos.

O chaval traballaba con seu pai no porto a cargar e descargar o que fose, calquera cousa era boa, con tal de que pagasen ben.

Tódalas noites, ó deitarse, o mozo oía sempre o mesmo:ós seus pais berrar.

El, que xa estaba farto de que sempre pasara o mesmo, pensou en escaparse da casa, pero non sabía a onde ir.

Ata que un bon día de inverno, ó chegar el á casa pingando, a nai empezou a berrar con el e con seu pai:

—Mira que mollado ven, ¿non che da vergoña?

—Vai á merda. Xa é maiorciño e sábese coidar só.—Contestoulle o pai.

E así toda e toda a noite.

O pobre neno non o podía soportar máis, e viu unha boa ocasión para largarse nunha expedición capitaneada por Colón e que todos a chamaban "a expedición da morte" porque quería da-la volta á terra e chegar ás Indias.

Asique pola noite púxose a cavilar se largarse ou non:

—Se me vou pode ser que nunca máis poidan verme, quizás me roten de menos, incluso poida ser que choren por min.

Ata que, de súpeto, un ruído extraño perturbou os seus pensamentos. Era o seu pai, que, coma sempre, estaba berrando coa súa muller.

Ø mozo poido oír algo da conversación que dicía:

—Non sei como se nos ocorreu vir a esta maldita terra co ben que estábamos en Galicia.—dix o pai.

E a nai soltando un berro dix o:

—E toda a culpa tena o noso neno, ¿se non nacese! "coño!"

—Tes razón, se non nacese viviríamos moito mellor.—Añadiu o pai.

O neno sentiu coma se unha longa e afiada espada atravesase o seu corazón e entón foi cando se deu conta de que os seus pais non eran felices con el.

Ás catro da mañá o neno deuse conta de que os pais estaban como troncos e entón foi cando colleu todo o que tiña no seu caixón e marchouse sen face-lo máis mínimo ruído; pero antes de marcharse escribiulle unha carta a cada un.

A carta do pai dicía:

—"Papi voume porque non sodes felices con migo",

E a da nai dicía:

"Mamá voume e cuidarei de min".

A noite era pechada, a lúa chea estaba e os morcegos voaban ó seu redor, ó tempo que comían insectos; o neno foi directo ás provisións que estaban no porto; entón valeiro un barril de auga, sabendo que á mañá seguinte toparía no barco, posto que os mariñeiros cargarían o barril con el dentro.

Á mañá seguinte espertouno unha voz que dicía:

—"Suelten amarrasssss".

Xa estaba dentro do barco, "o truco do barril é bon truco" dixos para si.

Despois de saír do porto e navegar unhas millas, chegaron ó porto de Gra Canaria, onde repostaron barrís de auga, sacaron os valdeiros e meteron os cheos.

Nun dos cheos xa estaba o chaval engruñadiño e morto de frío.

Zarparon de novo en dirección oeste.

A viaxe era agotadora, pasaron días, semanas, meses. O mozo ía arraxándose como podía. Ata que un día pola mañá uns ruidos espertárono, levantou un pouco a cabeza para ver que era o que pasaba e viu que os mariñeiros estaban tomando os barcos da expedición — nun dos cales estaba o mozo metido nun barril. O barco estaba indo en dirección norte por algunha causa desconocida; quizá se estropease a brúxula. O caso é que se seguía nesa dirección o barco, chegaría ó polo Norte e alí morrerían de fame ou de fríaxe.

Un dos baixou á adega e botar un trago de auga.

Mirade vosa mercede o que é a casualidade, que o mariñeiro quixo beber do barril onde estaba o neno.

Ó levanta-la tana, o mariñeiro, viu ó rapaz e ensinouno ós outros.

— Pero se é un polizón!, podemos tiralo pola borda JA JA JA JA JA JA. O mozo deuse conta de que o barco estaba indo en dirección norte. in tentou impedilo pero non lle facían caso.

Nun abrir e cerrar de ollos apareceu no medio do Atlántico.

Os minutos pasaron máis rápido do que el quixese e o barco seguía en dirección norte. Comenzou a nadar.

No barco os marinos empezaron a ter pena del, e ceibarón ó capitán que enseguida se puxo a buscalo.

Cando pasaron dúas horas e o barco recorrera unhas millas, chegaron xunto do rapaz, e este díxolles:

— Te... terra... aa ... vista... E caeu nos brazos do capitán quen, mirando ó horizonte dixo:

—"TIEEEERRA A LA VIIISTAAA".

O resto da historia xa a coñecedes e polo tanto non fai falta que a escriba=

PEDRO E A SÚA BICICLETA

Érase unha vez un rapaz que se chamaba Pedro. El sempre soñaba con ser un gran ciclista e sempre estaba xogando coa súa bicicleta de "cross". Pedro tiña trece anos e estudiaba octavo nivel de E. X. B. pero falle moi mal. Cando chegaban as notas das avaliacións, súa nai poñíase moi furiosa e por iso non lle mercaba a bicicleta de carreiras.

Un día pola noite, Pedro foise para a cama e cando estaba na cama empezou a soñar. Soñaba que viaxaba en bicicleta á lúa. Ia subindo cada vez máis por riba das nubes ata chegar á lúa. Cando chegou vía que non había ninguén. Buscou por toda a lúa. Viu un burato, baixou por el. Cando se atopou abaixo estaba todo escuro, encendeu unha cerilla e entón púxose a ver o que había. Viu un ser extraño que lle dixo:

- ¿ Como te chamas ?.
- Chámome Pedro.
- ¿ De onde ves ?.
- Veño da Terra coa miña bicicleta.



Entón aquel ser tan extraño acercouse a Pedro e Pedro moi asustado preguntoulle:

- ¿ Ti quan es?. Respondeulle: Chámome Claus e son amigo dos rapaces.

Pedro tranquilizouse ó ver que non lle facía mal. Claus colleulle a man e o rapaz seguiu-no a unha esquina do burato onde había unha choza moi grande. Ó entrar, Pedro, non cabía no seu asombro ó ver tantas bicicletas xuntas. Pedro preguntoulle para que eran e Claus respondeulle:

- Esas bicicletas son para tódolos rapaces do mundo.

Pedro, ó espertarse, viu a súa nai cunha gran bicicleta de carreiras para el e despois el presumía diante dos seus amigos. Desde aquel día Pedro empezou a estudar e a estudar e sacou moi boas notas.



- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DESTE COLEXIO -

Imos nomear algunhas das actividades deste Colexio, que están un pouco á marxe das actividades propias da aula:

A primeira actuación nosa que se fixo este ano foi a cabalgata de Reis. Deu moito que falar. Foi un éxito que se volverá a repetir. Nela participaron maioritariamente rapaces de 8º curso. A cabalgata fixo un recorrido desde o Colexio ata a Igrexia. E dentro da Igrexia tivo lugar a representación de "Auto de los Reyes Magos".

Outra actuación dos alumnos do Colexio foi no Entroido, anque tivo algúns fallóns de sonido, tamén tivo moito éxito. Fixo un recorrido bastante longo, facendo paradas para lé-los "supositorios"; pregonábanos tres alumnos do Colexio. Cada curso formou unha comparsa.

Unha actividade que se fai tódolos anos no Colexio é a do Periódico; neste poden colaborar tódolos alumnos do mesmo.

Houbo un festival para os alumnos e logo despois o dos grandes. Nestes festivais, ademais das obras teatrais hai: cancións, chistes, desfiles de modelos e outras actuacións.

Por último destaca a excursión de octavo. Lóitase moito para gañar cartos e peder ir a onde nos pareza. Entre as cousas que se fan para gañar cartos están: a venda dos bocadillos, os refrescos, o xogo da chave, a venda dos periódicos e das rifas, etc. As rifas foron moi duras de vender e aínda perdemos cartos por non vendelas todas.

O Cross, actividade realizada o día de San Xosé, con participación de rapaces de todo Morrazo. Os resultados do Cross aparecen na folla de deportes.

- AGRUPACIÓN DE GAITAS E DANZA " NOVOS VENTOS " -

Os gaiteiros do Colexio e as rapazas de danza, teñen previsto iren este ano a Alemania. Botarán alí unha semana, do un de xuño ó dez do devandito mes. Foron invitados co gallo do "Festival do Ciudadán Extranxeiro". Están a pensar de actuar na mesma viaxe na "Casa de Galicia" en París e no "Centro Galego" de Pamplona.

Sairán o día 29 de maio pola mañanciña e voltarán a Beluso, se Deus o quere, o día 12 ou 13 de xuño.

O noso desexo é que esta embaixada que son "Novos Ventos" sexa un éxito, para eles, para o Colexio e para o pobo que van representando polo mundo adiante.

DEPORTES

Este ano neste apartado hai que destaca-lo V Cross que se celebrou en Beluso o 19 de Marzo dentro do marco do noso colexio.

Estes son os principais clasificados nas seguintes categorías :

PARVULOS

Masculino

- 1 - Severo Rodriguez
- 2 - Gustavo Caballero
- 3 - Víctor José Méndez

Feminino

- 1 - Sofia González
- 2 - Delaira López
- 3 - Concha Martínez

Nesta categoría, só participaron os de Beluso e polo tanto son todos do noso colexio.

MINI-BENXAMIN

Masculino

- 1 - David Núñez (COIRO)
- 2 - Víctor M. Alverina (COIRO)
- 3 - David Graña (BUEU)
- 5 - José Cielo Fernández (BELUSO)

Feminino

- 1 - Rosa Prieto (BELUSO)
- 2 - Rosa Ana Otero (BELUSO)
- 3 - Silvia Piñeiro (BELUSO)
- 9 - Marisol Porto (BELUSO)

BENXAMIN

Masculino

- 1 - Lucas Alvarez (ALDAN)
- 2 - David Santiago (REIBON)
- 3 - Carlos Otero (ALDAN)
- 6 - Juan Manuel Pereira (BELUSO)

Feminino

- 1 - Martina Blanco (BELUSO)
- 2 - Rosa Elvira Pereira (BELUSO)
- 3 - Sonia Rodriguez (COIRO)
- 5 - Angela Prieto (BELUSO)
- 8 - Marta Carballo (BELUSO)
- 9 - María del Pilar Martínez (BELUSO)
- 10 - María del Carmen González (BELUSO)

ALEVINS

Masculino

- 1 - J. Antonio González (REIBON)
- 2 - Víctor M. Blanco (BELUSO)
- 3 - Fernando S. Martín (BUEU)

Feminino

- 1 - Carmen Mates (REIBON)
- 2 - Begoña Pousa (BELUSO)
- 3 - Matilde Martínez (REIBON)
- 6 - Pilar López (BELUSO)

INFANTIS

Masculino

- 1 - Javier (TRAN)
- 2 - José Santaclara (BUEU)
- 3 - Agustín Casqueiro (COIRO)
- 5 - Moisés García (BELUSO)
- 9 - Ramiro Millán (BELUSO)
- 10 - Pablo Martínez (BELUSO)

Feminino

- 1 - Evangelina Veiga (REIBON)
- 2 - Colomba López (REIBON)
- 3 - Mónica Camaño (COIRO)
- 4 - María José Pérez (BELUSO)

CADETES

Masculino

- 1 - Jesús Martínez (PONDAL)
- 2 - Rufino Acuña (INSTITUTO)
- 3 - José Luis Porto (BELUSO)
- 8 - J. Ramón Regueira (BELUSO)
- 9 - Eugenio Juncal (BELUSO)

Feminino

- 1 - Lidia Pérez Cortizo (BELUSO)
- 2 - Susana Paredes (BELUSO)
- 3 - María Teresa Alvarez (BELUSO)
- 8 - Berta Pousa (BELUSO)

XUVENIS

Masculino

- 1 - Ramón Martínez
- 2 - Adolfo Calviño
- 3 - Martín González
- 4 - Carlos Juncal
- 5 - Adolfo Costas
- 6 - Fernando González

Feminino

- 1 - Montse Rodríguez
- 2 - Josefa Porto
- 3 - Ana Piñeiro

VETERANOS

Masculino

- 1 - Jaime Gómez
- 2 - Manuel Otero
- 3 - Antonio
- 4 - Salvador Torres
- 5 - Jesús Pérez

Feminino

- 1 - Adelaida Lamosa
- 2 - María del Carmen Alvarez

SENIORS

Masculino

- 1 - Bernardo
- 2 - Ramiro Alvarez
- 3 - Salvador Meira
- 4 - Fco. Javier Budiño
- 5 - Carlos Pastoriza

Feminino

- 1 - Laura
- 2 - Ramona
- 3 - Cristina
- 4 - María del Carmen Rodríguez
- 5 - Teresa Estévez

CARROZAS

Masculino

- 1 - Angel Carballo
- 2 - Manuel Iglesias
- 3 - Manuel Soliño
- 4 - Luis Gómez
- 5 - Paco Davila
- 6 - Paco López

Feminino

- 1 - María del Carmen Rodríguez
- 2 - Rosa Pousada
- 3 - Pancha
- 4 - Ifigenia Pousada

CLASIFICACION POR COLEXIOS

<u>Colexio</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Colexio</u>	<u>Puntuación</u>
BELUSO.....	154	TIRAN.....	29
REIBON.....	105	PONDAL.....	15
COIRO.....	99	CLUB DO MAR	6
ALDAN.....	50	MILAGROSA.....	5
BUEU.....	45	NAUTICA.....	5
CELA.....	39		

Este cross foi organizado pola Asociación de Pais de Alumnos e os profesores do colexio de Beluso, que agradecen a colaboración das casas donadoras de trofeos, así como tódalas axudas prestadas.

DEPORTES ESCOLARES

Nos distintos deportes que se celebran a nivel escolar, os Colexios Salesianos de Cambados, Colexio Público de Oya e Colexio Público de Beluso chegaron á final provincial de ping-pong, resultando brillantes vencedores os do Colexio Público de Beluso na categoría de cadetes. Os integrantes do equipo campeón son :

- Rafael Portela Cabral
- Javier García Comedeiro
- Rafael Budiño Gómez

O equipo de infantis clasificouse no terceiro posto provincial.

Este equipo estaba integrado por :

- Angel Manuel Portela Martínez
- Serafín Canosa Graña

RUMORES

- CORREN RUMORES .- De que o seiscentos da profesora está afónico de decir "amá non podo con ela".
- CORREN RUMORES .- De que ó conxerxe gústalle moito que lle chamen DON Ramón.
- CORREN RUMORES .- De que a profesora de galego declaroulle a guerra ás saias.
- CORREN RUMORES .- De que D^a Dolores visita moito a D^a Consuelo para que lle "console as súas dores".
- CORREN RUMORES .- De que a auga do Colexio é tan boa que os de oitavo pensan comercializala como "Auga sintética para lavadoras".
- CORREN RUMORES .- De que en Beluso nalgún tempo houbo montes comunais, pero comeunos o "lobo".
- CORREN RUMORES .- De que os de quinto nivel forman parte do movemento feminista "Ganchillar é cousa de homes".
- CORREN RUMORES .- De que ó Barcelona deixáronlle gana-la liga por non ver chorar ó chorón NUÑEZ.
- CORREN RUMORES .- De que D. José Manuel pon as súas supergafas para experimentar cos lagartos de "V".
- CORREN RUMORES .- De que os rizos de D. Pedro son postizos.
- CORREN RUMORES .- De que nas conversacións de desarme acordouse converti-los misís en supositorios.
- CORREN RUMORES .- De que ó profesor de inglés séntalle ben a primavera: nacéronlle dous pelos máis na calva.
- CORREN RUMORES .- De que a fábrica de paraugas de D. Rogelio chamarase "CAPO-NATA".
- CORREN RUMORES .- De que algún profesor quere ingresar no grupo "DURIN - DURAN".
- CORREN RUMORES .- De que os antoxos da profesora que máis se repiten son "faldade baixiño" seed para que non esperte o neno.
- CORREN RUMORES .- De que a canción de Eurovisión foi composta por D. Paco Mesa e a letra di "OS ANDALUCES NON VALEMOS NADA DESDE QUE PERDEMO-LA BARCA".
- CORREN RUMORES .- De que D. Pedro faralle come-lo lagarto do armario de sétimo ó rapaz que non lle saiba a lección.
- CORREN RUMORES .- De que os países ricos comerán ós pobres e así acabouse o problema da fame.
- CORREN RUMORES .- De que algúns rapaces corrian máis para colle-lo refresco ca para chegar á meta.
- CORREN RUMORES .- De que os rapaces do Colexio de Beluso ganaron o cross para evitar que aumentase a calvicie de D. Luis.
- CORREN RUMORES .- De que se non entramos no Mercado Común, Morán farase cura.
- CORREN RUMORES .- De que en Galicia hai poucos negros porque destiñen coa auga da chuvia.
- CORREN RUMORES .- De que no mes de maio D. Rogelio abrirá a matrícula na súa academia de "BALLET FIADEIRO".
- CORREN RUMORES .- De que os da excursión de oitavo pretenden cobrar CEN pesetas por cada "rumor".
- CORREN RUMORES .- De que D. Paco vai editar un libro titulado "O arte de enamorar ás maragotas".
- CORREN RUMORES .- De que en Alemania soplan "NOVOS VENTOS".
- CORREN RUMORES .- De que os da comisión das festas pensan facer unha festa "so nada" a base de saca-los bolsillos dos veciños de Beluso.
- CORREN RUMORES .- De que nas negociacións coa C.E.E. seguimo-la pauta de "HALA VAMOS HALA VENIMOS".
- CORREN RUMORES .- De que estar parado significa non traballar e iso é bon para o corpo, polo que no país "todo va bien".
- CORREN RUMORES .- De que os RUMORES acabáronse.

COLEXIO PÚBLICO DE BELUSO



UNA INSTITUCION VIGUESA



AL SERVICIO DE LA PROVINCIA

Caja de Ahorros Municipal de Vigo

DONDE MAS PERSONAS AHORRAN EN LA PROVINCIA